

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

- 15364** *Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

Os principios de estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira do sector público son piares fundamentais do crecemento económico e do benestar social, de acordo co artigo 135 da Constitución española e coa Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Nos últimos anos viñéronse realizando importantes esforzos para o control da morosidade das administracións públicas. Así, no ano 2013 aprobouse a Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, que establece a vinculación do principio de sustentabilidade financeira coa sustentabilidade da débeda comercial, e recolle a aplicación dun conxunto de medidas, progresivas e automáticas, encamiñadas a garantir o cumprimento polas administracións públicas da normativa en materia de morosidade.

Así mesmo, no ano 2014 aprobouse o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, que agora se modifica, polo que se desenvolven a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Este real decreto desenvolveu o previsto na citada lei orgánica respecto ao concepto de período medio de pagamento a provedores, a metodoloxía que hai que seguir para o seu cálculo e o procedemento que se aplicará para a eventual retención dos recursos do sistema de financiamento e o pagamento directo da Administración xeral do Estado aos provedores das comunidades autónomas e entidades locais.

Ben que a introdución do concepto do período medio de pagamento a provedores e a súa conexión coas medidas que establece a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, xa empezou a mostrar os seus efectos positivos, durante o tempo de vixencia do real decreto xurdiron algunhas dúbidas acerca da súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, do 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Neste sentido, mediante a presente modificación aclárase a diferenza entre o concepto do período medio de pagamento a provedores a que se refire a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, e o prazo máximo de pagamento a provedores que se establece na normativa en materia de morosidade regulado na Lei 3/2004, do 29 de decembro. O primeiro é o intervalo temporal en que cada Administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores, computado como prazo medio, cuxo incumprimento dá lugar á adopción das medidas previstas na citada lei orgánica para o aseguramento de parte do pagamento, e non modifica as circunstancias de ningunha obriga individual. Pola contra, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a regras precisas de cálculo establecidas na Lei 3/2004, para o pagamento das operacións comerciais, cuxo incumprimento provoca a devindicación automática de xuros da débeda impagada desde o transcurso do prazo de pagamento aplicable.

Así mesmo, axústase a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores e aclárase o modo en que se deben computar os días de pagamento, así como

os días pendentes de pagamento, cando se requira a aprobación da correspondente certificación de obra, sexa necesario acreditar a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ou non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados.

Por outra parte, introdúcense algunhas modificacións no procedemento que se debe seguir para a retención dos importes que hai que satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas e corporacións locais, co obxectivo de mellorar a xestión e instrumentación do procedemento.

O presente real decreto axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica transparencia e eficiencia, en canto que esta persegue un interese xeral ao pretender a redución da morosidade das administracións públicas, non existe ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos, resulta coherente co ordenamento xurídico, non introduce novas cargas administrativas e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos. Do mesmo modo, durante o procedemento de elaboración da norma, permitiuse a participación activa dos potenciais destinatarios a través dos trámites de información pública e audiencia, e quedan xustificadas no preámbulo os obxectivos que persegue este real decreto.

O presente real decreto someteuse a informe da Comisión Nacional de Administración Local e do Consello de Política Fiscal e Financeira.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co ditame do Consello de Estado, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de decembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira*

O Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto establecer a metodoloxía económica para o cálculo e a publicidade do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas, así como a determinación das condicións para a retención de recursos dos réximes de financiamento para satisfacer as obrigas pendentes de pagamento cos provedores, de acordo co previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O cálculo do período medio de pagamento a provedores a que se refire este real decreto non modifica nin altera o prazo máximo de pagamento a provedores que se establece na normativa en materia de morosidade e cuxo incumprimento estará suxeito ao establecido na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e demais normativa aplicable, sen prexuízo de que sirva como un elemento adicional que permita fomentar a redución dos prazos para o pagamento aos provedores

reducindo o nivel de morosidade nas administracións públicas en beneficio dos acredores.»

Dous. O artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Cálculo do período medio de pagamento de cada entidade.*

1. Para os efectos do cálculo do período medio de pagamento global a que se refire o artigo anterior, o período medio de pagamento de cada entidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Período medio de pagamento de cada entidade} = \frac{\text{ratio operacións pagadas} * \text{importe total pagamentos realizados} + \text{ratio operacións pendentes de pagamento} * \text{importe total pagamentos pendentes}}{\text{importe total pagamentos realizados} + \text{importe total pagamentos pendentes}}$$

2. Para os pagamentos realizados no mes, calcularase a ratio das operacións pagadas de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Ratio das operacións pagadas} = \frac{\sum (\text{número de días de pagamento} * \text{importe da operación pagada})}{\text{importe total de pagamentos realizados}}$$

Entenderanse por número de días de pagamento os días naturais transcorridos desde:

- a) A data de aprobación das certificacións de obra ata a data de pagamento material por parte da Administración.
- b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pagamento material por parte da Administración.
- c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata a data de pagamento material por parte da Administración, nos supostos en que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura se reciba con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos en que non haxa obriga de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.

No caso das facturas que se paguen con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico ou con cargo á retención de importes que hai que satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento para pagar directamente aos provedores, considerarase como data de pagamento material a data da proposta de pagamento definitiva formulada pola comunidade autónoma ou a corporación local, segundo corresponda.

3. Para as operacións pendentes de pagamento ao final do mes calcularase a ratio de operacións pendentes de pagamento de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Ratio de operacións pendentes de pagamento} = \frac{\sum (\text{número de días pendentes de pagamento} * \text{importe da operación pendente de pagamento})}{\text{importe total de pagamentos pendentes}}$$

Entenderanse por número de días pendentes de pagamento os días naturais transcorridos desde:

- a) A data de aprobación das certificacións de obra ata o último día do período a que se refiran os datos publicados.

b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ata o último día do período a que se refiran os datos publicados.

c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata o último día do período a que se refiran os datos publicados, nos supostos en que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura se reciba con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos en que non haxa obriga de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.

4. Para o caso das corporacións locais non incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a referencia ao mes prevista neste artigo entenderase feita ao trimestre do ano natural.»

Tres. O artigo 7 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Seguimento do período medio de pagamento a provedores das comunidades autónomas.*

1. En exercicio das facultades atribuídas no artigo 18.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, o Ministerio de Facenda e Función Pública fará un seguimento, para os efectos de detectar posibles incumprimentos, dos datos publicados polas comunidades autónomas relativos ao período medio de pagamento a provedores e analizará a súa consistencia co resto de información remitida por estas ao Ministerio.

2. Unha vez efectuada a comunicación de alerta segundo o previsto no artigo 18.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, o Ministerio poderá comunicar a actualización do importe que a comunidade autónoma deberá dedicar mensualmente ao pagamento a provedores se, de acordo co seguimento mensual do gasto, dos pagamentos realizados e da evolución da débeda comercial, entre outros datos, resulta necesaria a devandita actualización para que a comunidade autónoma cumpra co prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade. A devandita actualización producirá efectos desde o primeiro día do mes seguinte á remisión da comunicación, en aplicación do previsto no número 4 da disposición adicional oitava da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

3. Se o Ministerio de Facenda e Función Pública detecta un incumprimento na aplicación da metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores prevista neste real decreto ou a inconsistencia dos datos publicados coa información remitida polas comunidades autónomas ao Ministerio, formulará un requirimento á comunidade autónoma para que se cumpra o previsto neste real decreto.

O requirimento de cumprimento indicará o prazo, non superior a dez días naturais, para atender a obriga incumprida ou a revisión do dato do período medio de pagamento a provedores publicado, con apercibimento de que, transcorrido o mencionado prazo, se procederá a dar publicidade do incumprimento a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas. Todo iso sen prexuízo da posible responsabilidade persoal que poida corresponder e da aplicación das medidas previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.»

Catro. O artigo 8 queda redactado como segue:

«Artigo 8. *Inicio do procedemento.*

1. Cando o Ministerio de Facenda e Función Pública detecte que se produciu un incumprimento do prazo máximo de pagamento a provedores que determina a aplicación do procedemento de retención previsto no artigo 20.6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, comunicarao á comunidade autónoma á cal solicitará, se é o caso, a información necesaria, debidamente certificada polo interventor xeral da comunidade autónoma, para cuantificar e determinar a parte da débeda comercial que se vai pagar con cargo aos seus recursos do sistema de financiamento suxeitos a liquidación.

Do incumprimento mencionado no punto anterior tamén será informado, no mesmo día que a comunidade autónoma, o Consello de Política Fiscal e Financeira mediante unha comunicación aos seus membros por medios electrónicos, a través da súa secretaría, sen que sexa necesaria a súa convocatoria.

2. Efectuadas as comunicacións previstas no punto anterior, o titular da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local notificará á comunidade autónoma o importe que, se é o caso, será obxecto de retención ou dedución respectando o límite establecido no número 4 da disposición adicional oitava da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

O importe obxecto de retención ou dedución será determinado mensualmente polo Ministerio de Facenda e Función Pública nunha contía que se considere necesaria para manter o período medio de pagamento a provedores dos meses seguintes por debaixo do prazo máximo fixado na normativa de morosidade considerando, entre outros, factores tales como o volume, antigüidade ou estado de tramitación contable da débeda comercial, o seguimento do gasto, a evolución observada e prevista dos pagamentos realizados a provedores, o calendario de tramitación dos mecanismos de financiamento habilitados polo Estado, a evolución do prazo medio transcorrido desde a entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo ata a data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade da prestación, a distribución temporal dos pagamentos dos recursos do sistema de financiamento ou a atención de determinados pagamentos de carácter prioritario.

3. Desde o momento en que se remita a notificación prevista no punto anterior, terase por iniciado o procedemento de retención. Esta notificación que, se é o caso, será obxecto de actualización mensual, acompañarase do correspondente acordo de retención ditado polo titular da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local antes do día catorce de cada mes para cada un dos meses en que se manteña a aplicación do procedemento de retención previsto no artigo 20.6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

4. Cando o Ministerio de Facenda e Función Pública detecte que se produciu un incumprimento do prazo máximo de pagamento a provedores nos termos establecidos no artigo 18.5 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, comunicarao á corporación local, logo de comunicación á comunidade autónoma no caso de que esta exerza a tutela financeira da devandita corporación, e poderalle solicitar a información necesaria, debidamente certificada polo interventor da corporación local, para cuantificar e determinar a débeda comercial e a parte dela que se vai pagar con cargo aos seus recursos propios, cancelándose a diferenza mediante retencións da participación en tributos do Estado.

Esta información será actualizada polo interventor da corporación local antes do día 15 do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano natural.»

Cinco. O artigo 10 queda redactado como segue:

«Artigo 10. Procedemento de cuantificación de importes e selección de facturas das comunidades autónomas e corporacións locais.

1. Cando o saldo do importe efectivo da retención para o pagamento a provedores deba ser distinto ao importe comunicado no correspondente acordo de retención, debido á aplicación dos criterios de prelación legalmente establecidos cando concorre a aplicación de varios acordos de retención, o titular da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local comunicará ao interventor xeral da comunidade autónoma o citado saldo. Esa comunicación efectuarase antes do día vinte do mes en que se ditase o acordo de retención.

Cando a Comunidade Autónoma cumpra co prazo máximo de pagamento previsto na normativa de morosidade durante seis meses consecutivos, finalizará o procedemento de retención, sen prexuízo de que se continúe o procedemento de pagamento iniciado en relación coas comunicacións remitidas con anterioridade. A finalización do procedemento de retención será comunicada polo titular da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local á Comunidade Autónoma e ao Consello de Política Fiscal e Financeira mediante unha comunicación aos seus membros por medios electrónicos, a través da súa secretaría, sen que sexa necesaria a súa convocatoria.

2. Unha vez determinado, de acordo co artigo 8.4, o importe total da débeda comercial que se vai cancelar mediante retencións da participación das corporacións locais en tributos do Estado, e unha vez que se coñeza o importe da entrega mensual á conta que, efectivamente, vai ser obxecto de retención por aplicación dos criterios contidos na disposición adicional segunda, a Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local comunicará ao interventor da corporación local o importe efectivo obxecto de retención.

3. Unha vez efectuada a comunicación prevista nos puntos anteriores, o interventor xeral da comunidade autónoma ou da corporación local, segundo corresponda, remitirá ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da plataforma habilitada para o efecto e de acordo coas indicacións e co calendario que o mencionado ministerio lle comunique, unha relación das facturas que conforman a proposta de pagamento, cuxa suma alcance, como máximo, o importe efectivo obxecto de retención comunicado e as regularizacións procedentes da tramitación dos pagamentos de meses anteriores.

Esta relación incluirá, polo menos, o importe e a data de cada factura ou documento acreditativo da obriga de pagamento; a data de inicio do cómputo do período de pagamento; a identificación do acredor actual e, en caso de cesión do crédito, do acredor orixinario, o número de conta corrente en que se debe realizar o pagamento, o tipo de débeda e a partida orzamentaria ou conta contable en que a obriga pendente de pagamento está rexistrada.

A relación de facturas irá acompañada dun certificado do interventor xeral da comunidade ou da corporación local, segundo corresponda, no cal se acredite que as facturas remitidas se axustan ás condicións definidas neste real decreto.

Unha vez realizadas as comprobacións que, se é o caso, poidan efectuar o Ministerio de Facenda e Función Pública e a propia comunidade autónoma ou corporación local, o interventor remitirá a relación definitiva de pagamentos propostos e actualizará, se é o caso, o certificado a que fai referencia o parágrafo anterior, dentro do prazo que o Ministerio de Facenda e Función Pública comunique para facer efectivo o procedemento de retención.

4. Para a selección de facturas prevista neste artigo, as comunidades autónomas e as corporacións locais atenderán, como criterio de prioridade de pagamento, a obriga pendente de pagamento máis antiga en disposición de ser proposta, salvo autorización do titular da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, por petición da comunidade autónoma.

5. O Ministerio de Facenda e Función Pública só poderá aboar directamente as facturas dos provedores das comunidades autónomas ou corporacións locais que cumpran todos os requisitos seguintes:

- a) Sexan obrigas vencidas, líquidas e exixibles.
- b) Que a factura, a factura rectificadora ou a solicitude de pagamento equivalente fose presentada nun rexistro administrativo con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2014, antes da formulación da proposta de pagamento por parte da comunidade autónoma ou corporación local, segundo o caso.
- c) A obriga debe encontrarse aplicada nos orzamentos ou estados contables da entidade, conforme a normativa orzamentaria e contable que resulte de aplicación.
- d) Que se refiran ás operacións a que resulta aplicable este real decreto, para os efectos do cálculo do período medio de pagamento a provedores, de acordo co previsto nos artigos 2 e 3.

Para estes efectos, entenderase por provedor o titular dun dereito de crédito derivado dunha relación xurídica, das previstas no artigo 3, con algún dos suxeitos previstos no artigo 2, así como o cesionario a quen se lle transmitise o dereito de cobramento.

6. Cando o importe da relación definitiva dos pagamentos propostos por unha comunidade autónoma ou unha corporación local sexa inferior ao importe efectivo que reterá o Estado, o excedente acumularase ao importe efectivo obxecto de retención seguinte. Unha vez finalizado o procedemento de retención, os saldos que se encontren pendentes de aplicación serán librados a favor da comunidade autónoma ou corporación local correspondente.»

Seis. O artigo 11 queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Procedemento para o pagamento de facturas.*

1. A comunidade autónoma e a corporación local comunicarán aos provedores e, se é o caso, aos subcontratistas, a relación de obrigas que haberá que pagar en aplicación deste real decreto, e permitirán a estes consultar a súa inclusión na información remitida ao Ministerio de Facenda e Función Pública. Se o provedor está incluído poderá coñecer a información que o afecte con respecto á normativa de protección de datos de carácter persoal.

2. O aboamento a favor do provedor comportará a extinción da débeda contraída pola comunidade autónoma ou a corporación local co devandito provedor polo importe satisfeito. A Administración xeral do Estado, que intervén por conta da comunidade autónoma ou da corporación local, segundo corresponda, só efectuará a xestión do pagamento das obrigas con cargo ao importe retido, o que non xerará comunicación nin asunción de calquera responsabilidade.

Todos os xuros de demora e gastos que se devindiquen conforme a normativa vixente continuarán correspondendo e serán aboados pola comunidade autónoma ou corporación local, segundo corresponda.

3. Será responsabilidade da comunidade autónoma ou da corporación local, segundo corresponda, o cumprimento das normas aplicables aos pagamentos propostos, así como velar pola inexistencia de pagamentos duplicados coa súa tesouraría ordinaria ou mecanismos de financiamento habilitados. Todo iso sen prexuízo das comprobacións que o Ministerio de Facenda e Función Pública poida efectuar, o cal pode determinar a retirada ou solicitude de substitución de determinados pagamentos propostos.

4. Antes da finalización do mes en que deban satisfacerse os recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas ou da participación das corporacións locais nos tributos do Estado, segundo corresponda, que fosen obxecto da dedución ou retención correspondente, a Secretaría Xeral de

Financiamento Autonómico e Local remitirá as propostas de pagamento á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e a información relativa ás facturas cuxo pagamento vaia efectuarse con cargo a estes importes, para que ordene o seu pagamento. As incidencias que impidan o pagamento material darán lugar a que o importe correspondente sexa acumulado aos importes efectivos obxecto de retención seguintes.

Informarase a comunidade autónoma ou a corporación local, segundo corresponda, dos pagamentos efectuados e das incidencias que, se é o caso, impidan o pagamento material.»

Disposición transitoria única. *Publicación do período medio de pagamento a provedores na Administración central, comunidades autónomas, administracións da Seguridade Social e corporacións locais.*

A primeira publicación mensual do período medio de pagamento a provedores realizada de conformidade coa metodoloxía prevista na modificación do artigo 5 do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, terá lugar no mes de xuño de 2018 referida aos datos do mes de abril de 2018, e a primeira publicación trimestral será no mes de setembro de 2018 referida ao segundo trimestre de 2018.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, a disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolven a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar as «Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica».

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Este real decreto dítase en exercicio da habilitación contida na disposición derradeira segunda da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento do presente real decreto.*

Habílitase o ministro de Facenda e Función Pública, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Referencias normativas.*

As referencias incluídas no Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolven a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas entenderanse feitas ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo a modificación do artigo 5 Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, que entrará en vigor o 1 de abril de 2018, de conformidade co previsto na disposición transitoria única.

Dado en Madrid o 22 de decembro de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Función Pública,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO